



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 3 DE MAIO DE 2012

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS, incorporouse, xa comezada a sesión, ás 20,39 horas

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e catro minutos do día tres de maio de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 12 DE ABRIL DE 2012.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CORRECCIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 1 DE MARZO DE 2012

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CORRECCIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 13 DE MARZO DE 2012

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE MARZO DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 12 DE ABRIL DE 2012. .

A instancia do Sr. Magariños, corríxese a acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 12 de abril de 2012, do seguinte xeito: Na páxina 17, precisamente na intervención do Sr. Magariños, na quenda de Rogos e Preguntas, en dúas ocasións recóllense puntos suspensivos, que haberán de substituírse, no primeiro caso, por “moción”, e no segundo, por “preguntas”.

Con esta corrección, apróbase a acta por unanimidade.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CORRECCIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 1 DE MARZO DE 2012

Apróbase por unanimidade a corrección da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 1 de marzo de 2012, de xeito que se recolla no seu encabezamento a presenza do Concelleiro do BNG, D. Xosé Magariños, dado que efectivamente asistiu.

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CORRECCIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 13 DE MARZO DE 2012.

Apróbase por unanimidade a corrección da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 13 de marzo de 2012, de xeito que se recolla no seu encabezamento a presenza do Concelleiro do BNG, D. Xosé Magariños, dado que efectivamente asistiu.

Sr. Alcalde: Temos detectado tamén, pola intervención, outro erro material na sesión do 12 de xaneiro, na que, no encabezamento da acta non se recolle a asistencia de D. Luis Lozano Lorenzo cando asistiu, efectivamente, en calidade de Interventor accidental. Na acta do 12 de xaneiro, foi un erro (detectado esta mesma mañá pola Secretaría Municipal).

Apróbase por unanimidade a corrección da acta da sesión plenaria celebrada o 12 de xaneiro de 2012, de xeito que se recolla no seu encabezamento a presenza do Interventor Accidental, D. Luis M. Lozano Lorenzo, dado que efectivamente asistiu.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

A) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS O 17 DE MAIO.

Sr. Alcalde: Antes de pasar á parte de control da xestión, hai algunha moción de urxencia que os grupos municipais desexen debater?. Ten a palabra Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Ben, dende o grupo municipal socialista desexamos plantexar unha moción de urxencia. Como tódolos compañeiros aquí presentes da corporación municipal sabemos, para Galicia é unha data moi importante o dezasete de maio, é unha data moi importante posto que non podemos esquecer en ningún momento que Galicia é, xunto coa súa lingua, unha parte moi importante da nosa cultura. Polo tanto, como dicimos, non se pode separar da identidade cultural a lingua e, en favor diso, como tódolos anos recordamos o día dezasete de maio, unha data importante para os galegos, unha data importante que é fonte de autoestima para tódolos veciños e veciñas de Galicia, e dende logo para A Estrada. Cremos que este patrimonio que temos en Galicia, dende logo, non é exclusivo de ningunha organización nin política nin social. Polo tanto, no día de hoxe desexamos plantexarlle a este pleno, a esta corporación, unha moción de urxencia coa que buscamos un acordo de tódolos compañeiros, de tódalas forzas políticas que formamos parte deste pleno da Estrada. Achegamos copia da moción que presentamos hoxe, unha copia para o Secretario e unha copia para os portavoces dos distintos grupos para que poidan valorala e agardamos que se poida chegar neste caso a este acordo, como dicimos, posto que o dezasete de maio está aí, o dezasete de maio é unha data moi importante para os galegos e as galegas.

Sr. Alcalde: Moi ben. Pois primeiro procedemos á votación da urxencia desta moción.

Procedese á votación relativa á urxencia do asunto aprobándose por unanimidade.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Ben, como dicía, o dezasete de maio celébrase, como tódolos anos en Galicia, e xa vai pola corenta e nove edición, o día das letras galegas. Un día que se celebra pola iniciativa da Real Academia Galega e se recorda, se conmemora a publicación de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro. Para o noso grupo, como dicíamos, a lingua non se pode entender separada da identidade cultural de Galicia e polo tanto, cremos que temos que facer este acto de manifesto, este acto de recoñecemento da importancia da lingua para os galegos e para as galegas, acto que dicimos que entendemos que debe ser por acordo de todas as forzas políticas, posto que como dicíamos creemos que a lingua non é patrimonio exclusivo de ninguén e polo tanto é obriga de tódolos que aquí estamos como representantes dos cidadáns, protexelo, defendelo e darlle os medios para garantir a súa supervivencia.

Neste intre incorpórase o Concelleiro do PP, D. Nemesio Rey Pazos

O acordo que propoñemos que adopte este pleno da corporación municipal da Estrada é o seguinte: "dirixirse á Xunta de Galicia para pedir o máximo esforzo e compromiso pleno coa nosa lingua, lingua oficial de Galicia, tal e como se recolle na lexislación vixente e nomeadamente no Estatuto. Manifestarlle á Xunta de Galicia e máis á Real Academia Galega a nosa solidariedade con esta Institución e a reivindicación de dotala dos medios necesarios para desenvolver con dignidade e eficacia a súa importante labor. Que o Concello se adhira publicamente e notoriamente á homenaxe a Valentín Paz Andrade a

quen se lle adica a edición do día das Letras Galegas deste ano que, como todos sabemos, foi un importante xurista, político e galeguista, escritor pertencente á Xeración dos 25, con importante obra ás súas espaldas. Apoiar institucionalmente dende o Concello tódalas actividades e iniciativas que se produzan no seu ámbito a prol da defensa e o coidado da lingua e da cultura e identidade de Galicia. Avaliar o estado do cumprimento da cooficialidade nos servizos municipais a fin de garantila e facer un informe ó respecto que será tratado neste pleno da corporación para o seu coñecemento e debate público e presentación de propostas por parte de tódolos grupos políticos”. Como dicía, este é o acordo que propoñemos para o debate a esta corporación buscando alcanzar un acordo conxunto de todos e que no día de hoxe, no día no que se reúne o máximo órgano da representación dos veciños da Estrada se faga un acto de defensa da lingua galega que, como dicíamos, é parte importante da nosa cultura e da nosa identidade e que está a sufrir dificultades en distintos ámbitos, ámbito da educación, ámbito social e demais e, polo tanto, creo que é un deber noso como representantes dos veciños e das veciñas, chegar a este acordo e facer esta defensa do galego.

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas grazas, Sr. Magariños ten vostede a palabra.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Ó BNG parécelle ben a moción porque como ben di a portavoz do grupo socialista é un patrimonio de tódolos galegos e galegas, non é exclusivo de ningunha forza nin colectivo social, e é unha obriga dos que somos representantes políticos dos cidadáns galegos defender a nosa lingua e promocionala en tódolos ámbitos da sociedade, por iso o BNG vai apoiar esta moción.*

Sr. Alcalde: *Moitas grazas, Sr. Magariños. Sr. Alberto Blanco ten vostede a palabra.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Dende o grupo municipal do Partido Popular consideramos oportuna a moción presentada polo partido socialista e damos o noso apoio á mesma.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, pois polo tanto debatido sobre a cuestión, procedemos entón á votación desta moción.*

Finalmente, o Pleno da Corporación adopta o seguinte Acordo por unanimidade:

- 1º.- Dirixirse á Xunta de Galicia para pedir o máximo esforzo e compromiso pleno coa lingua galega –lingua oficial de Galicia- tal e como se recolle na lexislación vixente e, nomeadamente, no Estatuto.
- 2º.- Manifestarlle á Xunta de Galicia e máis a Real Academia Galega a nosa solidariedade con esta institución e a reivindicación de dotala dos medios necesarios para desenvolver, con dignidade e eficacia, o seu importantísimo labor.
- 3º.- Que o Concello se adhira, publica e notoriamente, á homenaxe a Valentín Paz Andrade a quen se lle adica esta edición do Día das Letras Galegas.
- 4º.- Apoiar, institucionalmente, desde o Concello, tódalas actividades e iniciativas que se produzan no seu ámbito, a prol da defensa e coidado da lingua, da cultura e da identidade de Galicia.
- 5º.- Avaliar o estado do cumprimento da co-oficialidade nos servizos municipais a fin de garantila, e facer un informe ao respecto que será tratado neste Pleno da Corporación para o seu coñecemento, debate público, e presentación de propostas por parte de tódolos grupos políticos.

Sr. Alcalde: Algunha outro moción de urxencia?. Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: No día de hoxe nos sorprendemos ó ver a convocatoria deste pleno, nos sorprendemos posto que, como todos sabemos e tódolos veciños da Estrada coñecen, se presentou unha moción por parte do grupo socialista, unha moción que foi tratada nunha comisión como proposta, unha moción que propoñía alcanzar un acordo de tódolos partidos do Concello, que formamos o pleno do Concello da Estrada, para restablecer unhas prioridades ante a situación económica que está a sufrir a economía global. Restablecer unhas prioridades de inversión, cremos que é urxente posto que eses gastos hai que acometelos xa, non se pode agardar máis, posto que é importante fomentar a economía local, é importante que as inversións se canalicen de cara a fomentar a economía local e a dinamizar o que son as nosas empresas e o noso mercado laboral, posto que acabamos de recibir estadísticas que din que está subindo o paro, que cada vez hai máis traballadores, as empresas teñen máis dificultades para poder facer fronte ás súas necesidades, ó pago dos traballadores e demais, e desde logo cremos que o Concello da Estrada ten que, desde as súas responsabilidades, facer inversión na Estrada, pero que dinamice A Estrada. Polo tanto, cremos (e desde logo así o puxemos nesta proposta que fixemos) que é necesario reorganizar as prioridades. O órgano que ten que facelo, alcanzar ese acordo vinculante, é o pleno. E no día de hoxe, posto que non se inclúe na orde do día, queremos someter a este pleno, desde logo, unha moción que temos presentada, posto que, como dicíamos é o pleno da Estrada o que ten que, cos seus vinteun concelleiros, votar e decidir se se alcanza ese acordo ou non, a priorizar ese gasto, a reorganizar un gasto previsto para que algo que nestes momentos non vai dinamizar a economía local, como pode ser a construción dun campo de fútbol, se reoriente cara necesidades existentes, necesidades reais dos veciños. E, polo tanto, posto que no se inclúe na orde do día, queremos introducir por urxencia a moción que pide que se alcance o seguinte acordo municipal polas forzas, que é reconducir o gasto de máis de un millón douscentos mil euros necesarios para a construción dun campo de fútbol, cara a execución de proxectos prioritarios que atendan a necesidades reais do Concello da Estrada. Queremos someter esa moción por urxencia, posto que como dicíamos nos sorprende que non se teña introducido na orde do día despois de habela introducida con tempo por rexistro, levala a unha comisión e, a pesar de todo, non se introduciu na orde do día. Grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben. Moitas grazas, Sra. Louzao. Pois como vostede ben sabe, non creo que lle sorprenda, porque non é nada fora do habitual. Sabe vostede que quen ten a responsabilidade de facer as órdenes do día do pleno é o alcalde e lle trasladamos xa no seu momento varios aspectos que ían a marcar un pouco a forma de traballar, a forma de desenvolver as ordenes do día do pleno, e nunha delas estaba os asuntos que vaian ditaminados en comisión informativa desfavorablemente, que non pasen o trámite previo da comisión informativa, non se incorporan na orde do día do pleno. Ese tema xa o debatemos, xa o discutimos e, polo tanto, sabe perfectamente vostede cal é o criterio do alcalde, neste caso, á hora de confeccionar as ordenes do día do pleno. Polo tanto, é un tema que non vamos a entrar no fondo do asunto, sabe vostede cal é a nosa opinión sobre esa iniciativa que vostedes presentan. Non vamos a debater tampouco cal é a fórmula, creo que non procede xa, cal é a fórmula de debate sobre esa iniciativa que vostedes presentan cando, desde logo, hai unha obriga, unha responsabilidade por parte deste goberno en marcar as prioridades e en establecer os criterios e a planificación das accións que queira cometer no futuro, e polo tanto, como iso está dentro das competencias do goberno local e, entendemos que, desde esa imaxe de conxunto que se pode percibir desde a xestión do goberno, pois entendemos que pode ser unha actuación ambiciosa, eu creo que unha actuación moi ambiciosa para A Estrada e que vai a permitir non só desenvolver un proxecto, que eu creo que é importante, non só mellorar un proxecto que eu creo que era excesivamente pouco ambicioso coa reforma do campo de fútbol. De feito, sabe vostede perfectamente que non foi o Partido Popular quen decidiu inverter catrocentos mil euros no campo de fútbol da Baiuca, foi o Partido Socialista na súa etapa de goberno cando decidiu facer, destinar catrocentos vinte mil euros dos plans da Deputación a facer unha reforma insubstancial, ou creo que pouco adecuada, no que son as instalacións da Baiuca e nós nos

comprometemos a xestionar máis fondos (neste caso, seiscentos mil euros máis) de fondos propios da Deputación, que non lle custa un só peso ó Concello, para poder facer un proxecto máis ambicioso, poder negociar coa Xunta de Galicia para recuperar corenta e catro mil metros cadrados de terreo que foran adquiridos polo Concello da Estrada nas instalacións da Academia Galega de Seguridade, facer un proxecto máis ambicioso dun parque exterior que eu creo que A Estrada necesita reordenar os espazos urbanos, e liberar uns terreos que nos permitan planificar o futuro desenvolvemento urbanístico a nivel de prestación de servizos. Eu creo que o proxecto, se cabe cun movemento estratéxico somos capaces de desenvolver un proxecto moi ambicioso e será un proxecto de futuro para A Estrada, esa é unha decisión deste goberno, é unha planificación deste goberno e é unha iniciativa deste goberno, é unha competencia deste goberno e, polo tanto, evidentemente, como tal, é o goberno o que ten que asumir esa responsabilidade. E, se debateu xa suficientemente na comisión informativa, se ditaminou desfavorablemente na comisión informativa e, polo tanto, non reúne as condicións necesarias para poder ser incorporada no orde do día do pleno nin fora do orde do día do pleno. Polo tanto, o primeiro que temos que facer é proceder á votación sobre a urxencia desta cuestión, así que pasamos á votación sobre a urxencia. Non houbo alusións señora Louzao. Como sabe vostede, a exposición da urxencia non abre debate, esta é unha exposición sobre a urxencia dun tema que vostede ten unha opinión e, evidentemente, nós como goberno respectamos, como non pode ser doutra forma, pero evidentemente asumimos a nosa responsabilidade. Así que procedemos a votar a urxencia deste asunto.

Finalmente rexéitase a urxencia do asunto con 10 votos a favor (PSdeG-PSOE e BNG) e 11 votos en contra (PP)

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE MARZO DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS. Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 30 de marzo de 2012.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Neste intre abandonan a sesión plenaria os Concelleiros do PP, D. Juan M. Constenla Carbón e Dna. Amalia Goldar Cora

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: En primeiro lugar queríamos plantexar neste pleno unha preocupación, unha preocupación que lle acate ós veciños e veciñas da Estrada e que tiñan coñecemento ou todos tiñamos coñecemento recentemente pola prensa, a cal alarmaba un pouco aos veciños e ás veciñas e con razón. Publicábase, non fai moitos días, na prensa, que se vai a facer unha reordenación do que veñen sendo os partidos xudiciais en Galicia, que implica a desaparición dos xulgados da Estrada e que A Estrada pase a depender xudicialmente de Pontevedra. Dende logo, iso cremos que é unha desfachatez, unha desfachatez, posto que implica que os veciños e as veciñas perdan servizos, perdan servizos de calidade e proximidade, implica que vai haber máis problemas na xestión de asuntos xudiciais posto que os xulgados están saturados. Sen ir máis lonxe, o Concello da Estrada está a reclamar novos xulgados para A Estrada, igual que outros concellos están a reclamar novos xulgados, non só o edificio, senón novas salas, posto que os asuntos cada día tardan máis en ser resoltos. Polo tanto gustaríanos saber señor alcalde que noticias ten

desde o goberno municipal, como está este asunto e se se coñece cales son as implicacións directas para o partido xudicial da Estrada, cos seus xulgados e o paso a Pontevedra.

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas grazas. Pois é un tema que nos preocupa e que nós xa manifestamos a nosa opinión. Evidentemente, non estamos de acordo en absoluto, entendemos que a distribución actual do plano de planta xudicial ten as súas carencias pero aproxima a administración de xustiza ó cidadán e entendemos que co esforzo feito nos últimos anos, na administración xudicial, no que é o tocante ás infraestruturas e sobre todo, tendo en conta o retraso que existe en tódolos procesos xudiciais, entendemos que a acumulación de xulgados en Pontevedra non é unha solución. De todas formas eu non vou tanto alá coa desaparición dos xulgados, eu creo que o que hai é unha proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, como vostede ben sabe, un órgano que emite unha reorganización posible do plano de planta xudicial que é unha lei de rango estatal e que, polo tanto, implica unha serie de modificacións moi substanciais e, evidentemente quen ten esta proposta, quen ten a capacidade de abrir ese debate ou non, porque nadie afirmou ou nadie falou de abrir ese debate, simplemente é unha reflexión que fai o Consello Xeral do Poder Xudicial, e que en definitiva o propio Ministerio de Xustiza terá as competencias á hora de poder valorar se é convinte abrir ese debate actualmente ou non. Independentemente desa valoración que evidentemente se escapa das nosas competencias e creo que esa reorganización que plantexa o Poder Xudicial vai en contra clarísimamente dos intereses que nós como corporación (xa non como goberno senón como corporación municipal) debemos ter para cos nosos veciños da Estrada por esa proximidade que debemos de seguir defendendo na prestación de servizos básicos. Nese caso, se os xulgados de Pontevedra, despois de facer unha inversión importante, se atopan nunha situación de masificación como están, se con esta proposta de reorganización lle incorporamos o partido xudicial de Moaña, o de Cangas, perdón, o partido xudicial de Marín, o partido xudicial de Caldas e o partido xudicial da Estrada ós xulgados de Pontevedra, evidentemente isto suporía un colapso total e absoluto, e entendemos que non é viable nin razoable a distribución ou a proposta de distribución que fai o poder xudicial. Polo tanto, entendemos que se pode abrir un debate, que se poden valorar as distintas posibilidades e optimizar os recursos públicos, evidentemente non escapamos a ese debate; pero está claro que A Estrada como cabeceira de comarca e como un dos concellos máis importantes no interior de Galicia temos que seguir mantendo esa prestación de servizos e apostaremos decididamente pola prestación de servizos públicos e máis achegados ó cidadán. Polo tanto, os nosos intereses non conflúen, diverxan claramente desa proposta, e a nosa posición será clara, tanto como goberno como corporación municipal, entendo eu, defendendo e mantendo o partido xudicial da Estrada con tódolos servizos, desde logo, e tódalas infraestruturas e no ámbito de incluso mellorar as infraestruturas xudiciais no noso concello.*

Sra. Louzao-Vieites, do PSdeG-PSOE: *Ben parécenme moi ben as súas palabras, paréceme moi ben a súa declaración de intencións, pero dende logo, dende o noso grupo, rogámoslle que se pase a actuacións concretas e nos gustaría. ¿Púxose en contacto cos alcaldes dos outros partidos xudiciais que van a desaparecer? porque estamos vendo que están tomando actuacións; ¿e está o Concello da Estrada adherido a algunha desas actuacións?, ¿solicitou unha reunión?. Parécenos ben a declaración de intencións pero gustaríanos saber que se está a facer realmente para defender os intereses dos veciños da Estrada e para defender a continuidade dos xulgados da Estrada.*

Sr. Alcalde: *Como lle expliquei ó principio, isto é unha proposta que fai alguén que non ten competencias neste tema, que fai alguén. O Consello Xeral do Poder Xudicial pode facer unha valoración, unha proposta da situación actual e remítilla ás instancias que considere oportuno. Está claro que tivemos unha reunión sobre este tema e, quen vai a ser un pouco o que pilote todo este proceso nos concellos é o presidente da Deputación e así o decidimos canalizar a través do presidente da Deputación, as propostas que cada concello ou cada partido xudicial fai nesta materia. E eu creo que o primeiro paso está dado, que é trasladar o noso posicionamento en contra desta decisión; e eu sei ademais, que ese posicionamento en contra está trasladado desde o presidente da Deputación ó propio Ministerio e ós*

proprios representantes do goberno de Madrid. Polo tanto, sabe perfectamente cal é a posición dos concellos que estamos afectados por esa suposta proposta de planificación, de nova planificación, de modificación do plano de planta e ata aí, evidentemente, están feitas as xestións; e a partir de aí, no momento que se abra o debate.. Eu xa dixen, non está aberto e é unha proposta que fai de forma unilateral ese Consello. Nós, evidentemente xa lle trasladamos e en todo caso, se chegado o momento se abre o debate, evidentemente traeremos unha moción a este pleno cando sexa oportuno e cando toque para posicionarnos como corporación municipal defendendo os intereses dos nosos veciños. Que non lle quepa ningunha dúbida, pero nin este é o momento, nin está aberto o debate, nin desde logo, creo que de momento sexa necesario tomar este tipo de actuacións, pero non dubide en ningún caso que este pleno se posicionará a favor de seguir mantendo os servizos e a favor da distribución actual que temos.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: *Como dicíamos, efectivamente, está ben, é unha proposta pero é que cando o río soa auga leva.. Entón, pois non está de máis interesarse e non está de máis estar aí, igual que están outros concellos. Como dicíamos, o grupo municipal socialista defende que isto ten que continuar e, polo tanto aí está sobre a mesa o noso apoio para que os xulgados da Estrada continúen a prestar o seu servizo aquí. Gustaríanos tamén saber, bueno, pois tamén viamos recentemente que, desde o Concello se plantexaba e se encauzaba a necesidade de nova residencia na Estrada, unha nova residencia que ven sendo, desde logo, unha demanda, maior número de prazas para a residencia de anciáns, centros de día para os anciáns e demais, ven sendo unha demanda para os veciños e para as veciñas da Estrada, co que creo que todos estamos da cordo e se vía que, bueno, que o alcalde se dirixía á Xunta para encauzar a posibilidade de creación dunha nova residencia. Parécenos moi importante, pero parécenos moi importante sobre todo, que se iso é un plan, pois está ben planificar, pero desde logo o que hai que facer é acometer á atención ó que xa temos. Nesta pasada semana os veciños que acoden diariamente á residencia de anciáns así como os que dentro viven, mostraban a súa preocupación a este grupo político posto que a un dos salóns desprendéuselle o teito, desprendéuselle o teito cando remataba unha das clases de mantemento dos maiores, había problemas para desenvolver neses salóns as actividades que tiñan planificadas para o resto da semana e están apañándose, facendo as actividades no bar, dependencia que teñen destinada a bar e nos gustaría saber se o Concello da Estrada tiña coñecemento desta situación que está a vivir a residencia de maiores da Estrada, tiña coñecemento deste desprendemento, tiña coñecemento doutras deficiencias que nos trasladan os maiores que alí viven, como poden ser grietas, humidades e se se puxo en contacto coa Xunta de Galicia para que proceda a solventar estas deficiencias da residencia de anciáns da Estrada que están a vivir e, para que dende logo volva a normalidade ás actividades do día a día que se desenvolven na residencia de anciáns da Estrada.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas grazas. Pois como ben comentaba vostede para este goberno é unha preocupación importante a prestación de servizos básicos fundamentais, como pode ser unha demanda importante que existe na nosa cidadanía para esas persoas basicamente dependentes que teñen serios problemas á hora de poder acceder a unha praza da residencia. De feito, o propio informe de servizos sociais falaba dun número aproximado de cen persoas que teñen como recurso óptimo o ingreso nunha residencia e non o fan porque non teñen a posibilidade de acceder a unha praza pública na proximidade do seu concello, co cal eu creo que é un dereito que debemos intentar protexer as administracións. Non sendo, como ben sabe, competencia municipal, si é un tema que nos preocupa de forma directa e por iso a nosa reunión ca Conselleira para trasladarlle un pouco a nosa situación, fóra do normal dentro do mapa municipal galego, onde concellos de moita menos entidade ca Estrada si poden ofrecer ese tipo de servizos e o concello da Estrada lamentablemente non. E iso é un problema, un problema para nós, que nos obriga a tomar decisións no peor momento porque está claro que se puido ter feito fai tempo esa residencia. Non é unha cuestión de que os veciños a demanden desde fai seis meses, senón que houbo tempo, houbo recursos, houbo posibilidades de poder acometer eses proxectos e non se fixo. Houbo outras prioridades e outras decisións e, polo tanto, nós entendemos que dentro do noso mapa de*

prioridades si está. E si buscaremos os recursos de onde sexan necesarios para intentar cumprir cun compromiso que temos ca cidadanía e ca prestación dese servizo que agora mesmo non se está prestando e nós cremos que é moi importante. Por iso desa reunión eu saín contento e satisfeito pola sensibilidade demostrada pola Conselleira e, evidentemente nos daba a razón na pouca lóxica que ten que o Concello da Estrada, con vinte e dous mil habitantes non teña ese servizo de residencia, e temos que seguir traballando nesa dirección e eu entendo que o momento é complexo e que a inversión da que estamos falando, seguramente, supere os cinco ou seis millóns de euros para facer unha actuación que poida cubrir realmente a demanda que existe de todas estas persoas que necesitan ese recurso, e o momento non é o momento adecuado nin é o mellor momento. Pero eu estou convencido de que o conseguiremos sacar adiante ca implicación da Consellería e compromiso deste goberno, un proxecto que permita dar cobertura a ese servizo básico que para nós é prioritario e así o demostraremos. Ó mellor para outros é prioritario e non o fan ou din que é prioritario e cando lles toca facelo non o fan e cando teñen recursos para poder facelo non o acometen e despois se preocupan cando non gobernan e teñen que facelo outros cando non hai diñeiro. Pero bueno, independentemente diso, esa é a política e nós vamos a demostrar que temos un compromiso real e ademais vamos a comprometermos co desenvolvemento e ca execución dese proxecto. Para iso necesitamos planificar, para iso como ben sabe vostede, un dos problemas que terían seguramente cando tiveron catorce millóns de euros de inversión para facer moitos proxectos e non tiñan terreos, posiblemente non tiñan terreos públicos, sabe vostede perfectamente para poder obter ese recurso importante. E polo tanto este goberno, na súa planificación, na súa reorganización de espazos vai a conseguir cun proxecto tremendamente ambicioso para A Estrada a posibilidade de poñer a disposición terreos que permitan sacar adiante proxectos e iniciativas que estaban parados, ben porque non existiu ese compromiso necesario a nivel político ou ben porque non había posibilidades materiais. Está moi ben falar dunha residencia, pero onde a construímos? Está moi ben falar dun centro de día, pero onde o facemos? Está moi ben falar de novos xulgados, pero onde os metemos? Entonces, ó final isto é cuestión de planificar, as cousas non caen do ceo. Non, caen da planificación estratéxica e dunha estratexia e visión de futuro e ter claro hacia onde queremos ir. E e eu creo que este goberno o ten claro e con un proxecto que era moi mediocre na súa ambición conseguimos transformalo nun proxecto moi ambicioso e que nos vai a permitir cubrir todas estas necesidades nun espazo de tempo a medio – longo prazo que eu creo que vai a permitir que A Estrada dea un cambio radical na súa concepción de espazos urbanos. Por iso, non lle quepa ningunha dubida que seguiremos traballando, nos preocupa a situación da residencia de maiores, sabemos da problemática que tiveron estes últimos días e está claro, e eu me puxen en contacto co director da residencia, trasladou esas incidencias como debe ser. Sabe que a residencia non é unha competencia municipal, é unha competencia da Xunta e lle trasladou xa, inmediatamente, esa preocupación ás autoridades competentes e evidentemente, xa lle trasladamos que tamén tiña o compromiso do goberno local para intentar arranxar eses desperfectos dunha residencia que, bueno, por desgraza debe de ter máis de vinte anos e sofre os achaques da idade, é inevitable. Por iso mais que nunca... temos un centro de saúde que ten, practicamente corenta anos; temos unha residencia que ten máis de vinte; temos uns servizos deficitarios nun xulgado dividido en dous (o xulgado número un nun lado e o xulgado número dous noutro). Temos desde logo unha nefasta planificación a nivel de infraestruturas e este goberno o que quere poñer é sentido común en toda esa planificación e cos menores recursos posibles, facer os maiores desenvolvementos e os maiores proxectos inimaxinables nestes momentos porque eu lle podo asegurar que moita xente e moitos concellos e se empeza a falar moito da Estrada fora do noso concello porque estamos conseguindo no peor momento, na peor circunstancia, sacar adiante e desenvolver proxectos e iniciativas que eu creo que a día de hoxe son a envidia de moitos alcaldes, de moitos concellos e eu espero seguir en esa liña de innovación a nivel político, de desenvolvemento de iniciativas e de proxectos estratéxicos que nos permitan sacar adiante ese atraso en materia de infraestruturas que tivo o noso concello desde fai tantos anos.

Sra. Louzao – Vieites, do PSdeG-PSOE: Ben, pois eu facía tres preguntas concretas e vostede leva falando de planificación, estratexias, promesas, visións de futuro claros,

reorganizacións de espazos... Parécenos correcto pero as promesas, planificación e reorganizacións de espazos se fai non á lixeira na prensa nin aquí soltándonos un “speech” no que non contesta concretamente as nosas preguntas, se fai plasmándoas no documento do plan xeral e dicindo aquí vai a ir isto e aquí vai a ir o outro e medindo as consecuencias que van a ter para o outro. Pero ós residentes da residencia de anciáns actual e ós usuarios lles preocupaba o apoio municipal para solicitar da Xunta esas melloras. Efectivamente a residencia de anciáns fixo o seu traballo que é poñerse en contacto coa Xunta para dicir as deficiencias, pero ós residentes e ós usuarios lles preocupaba o apoio municipal, non as promesas de futuro senón o actual, as súas necesidades actuais. E, por outro lado, falando de promesas, futuro e de visión estratéxica algo que si é competencia municipal é o que está a suceder no colexio de Codeseda. No colexio de Codeseda no que os operarios municipais procederon, por cuestión de, bueno, pois atendendo ás necesidades sobre lexislación sobre contaminantes, a retirar e a descubrir un patio que estaba cuberto por unhas uralitas alegando que efectivamente incumpria a lexislación actual sobre perigosidade e contaminantes. Curiosamente a día de hoxe, varios meses despois, ese patio segue sen cubrir, polo tanto é un espazo no que os nenos e as nenas do colexio de Codeseda non poden disfrutar nos días que chove. Estes días está a chover pero o preocupante, sendo que non poden disfrutar dese patio cuberto, o preocupante é que si se retiraban e se procedía á súa retirada, posto que eran contaminantes e había perigosidade posto que os nenos podían ter problemas derivados da existencia desas uralitas alí, esas uralitas hoxe seguen apiladas no colexio de Codeseda, ninguén pasou a retiralas e, polo tanto, a perigosidade para o acceso dos rapaces a este tipo de material é maior. Entonces, gustaríanos saber por que esas uralitas foron retiradas, porque o patio segue sen cubrir e porque a día de hoxe, esas uralitas continúan a estar no colexio de Codeseda.

Sr. Alcalde: Moi ben, me alegro moito de que se preocupe vostede polos centros de ensino público. Nós preocupámonos tódolos días, non unha vez cada dez meses ou cando un pasa a estar na oposición. Levamos feito a maior inversión con recursos públicos do Concello nos últimos anos nos centros educativos da Estrada. Fixemos un esforzo importante no colexio de Veá, no colexio de Codeseda, no colexio de Oca, no colexio do Foxo. Fixemos unha actuación considerable e xestionamos unha actuación demandada de facía máis de cinco anos no peche do recinto do colexio Pérez Viondi, como ben sabe vostede. Foi este goberno quen acometeu ese proxecto e ese desenvolvemento e solucionamos os problemas de auga no colexio de Oca, solucionamos os mesmos problemas de auga, que levaba moito tempo arrastrando de forma temporal o colexio de Veá. Fixemos actuacións importantes en Codeseda e unha delas, a que nos pedía a comunidade educativa, pois era a perigosidade que tiña esa cuberta e que nun momento tiña risco de desprendemento e polo tanto o concello aínda sen entrar a valorar esas discusións que tiñan vostedes cando eran goberno de que se era competencia da Xunta, se lle pasaban a pelota á Xunta, que o Concello non facía porque era a Xunta a que tiña que facer e á Xunta non lle tocaba e entón volvíamos outro papel e andaban peloteando, igual que fixeron co Plan Xeral, peloteando de arriba para abaixo. Pois cos centros educativos tamén este goberno asumiu as súas responsabilidades e actuou, actuou en tódolos ámbitos onde o mellor era competencia súa ou o mellor non estaba moi clara a súa competencia pero había que solucionar problemas e así se fixo en Oca, en Codeseda, no Foxo, en Veá, en Pérez Viondi, en Figueroa, en tódolos centros educativos, porque apostamos pola ensinanza pública e non quedándonos aí. No peor momento, despois de dez anos e moitos proxectos e moitas promesas, este goberno xestionou a licitación do colexio Pérez Viondi, dous coma catro millóns de euros de inversión da Xunta de Galicia no momento en que o que escasean son os recursos e, desde logo, hai un compromiso claro e firme por parte da Xunta de Galicia co ensino público, coa conciliación da vida familiar e laboral, coa creación desas nove aulas, dese comedor que tanto demandaba a comunidade educativa. Faremos neste mes o paso elevado para garantir a seguridade vial dos pais e nenos que saían do colexio Pérez Viondi, tamén unha actuación que vai a facer este goberno. En definitiva eu creo que o balance nestes dez meses é bastante satisfactorio e de feito creo que tanto as ANPAS como os centros están satisfeitos co traballo que se leva feito e coa atención que se lle presta nestes meses, nos seus centros, nos que estaban nun estado de abandono bastante importante. Por iso me alegro

moito, moito de que agora se acorde vostede dos centros públicos de ensino, me alegro moito que agora sepa e teña claro cal é a competencia do concello e cal é a competencia da Xunta, agora parece que lle veu o sentido despois de tantos anos e está ben que sepa agora reprocharlle ó goberno o que non fixeron vostedes cando lle tocou pero o que si é certo é que actuamos, o facemos desde logo, con todo o cariño e con toda a ilusión de apoiar eses centros e darlle as mellores condicións para poder, tanto o profesorado como os alumnos, poder ter as mellores condicións na súa formación académica. E nos queda por facer, claro que si. O tema de Codeseda, tan pronto haxa posibilidades e haxa medios se retomará e se valorará a nova cuberta dese patio. E na medida das posibilidades seguiremos complementando proxectos e actuacións para mellorar, como dicía antes, a situación deses centros que, dende logo, é un compromiso claro deste goberno e así o temos demostrado.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: *Hombre, señor López tantos anos tampouco, tantos anos tampouco porque tampouco teño tantos, é dicir, non podo levar tantos anos en política porque tampouco teño tantos, por un lado; por outro lado, parécenos moi ben que vostede se guste a si mesmo, porque é o que parece, porque para unha pregunta de cando se van a retirar as uralitas do colexio de Codeseda que están apiladas alí e cando se vai a cubrir o colexio, fáleme vostede de dez meses e cóntame vostede..., para falar de Alemania, empeza vostede por Argentina e sube por Chile, é dicir, pois me parece moi ben pero a pregunta é: o concello vai proceder a retirar esas chapas?, cando, posto que están supoñendo algún perigo?. Pero bueno, vemos que a vostede lle gusta irse polas ramas e que lle gusta falar e lle gusta contar experiencias, e lle gusta contar fantasías e está ben, pero tamén hai que facer actuacións concretas porque vostede, na oposición botábanos a culpa antes que eramos o goberno e agora bótanos a culpa porque somos a oposición. Bueno, pois está ben, se vostede é feliz así, pois os veciños da Estrada non o son, e ven tódolos días estas situacións nas que o goberno ten que dar respostas puntuais. E dicía vostede que solucionan problemas, hombre, pois sinceramente solucionar problemas ás veces implica non apurar moito en facer as cousas, e non facer cousas aceleradas porque iso crea problemas, non os soluciona, os crea. E vamos a ir a un rogo, posto que as preguntas respóndean todas do mesmo xeito, entón vamos a pasar a facer un rogo, a ver si fai caso, que tamén o iremos comprobando ó largo dos plenos posto que este rogo se refire a este lugar que se inaugurou (vamos a dicilo así) que se inaugurou o pleno pasado e que, como dicíamos, a veces por facer reformas aceleradas ou querer abrilas e facerse a foto canto antes, non sempre se alcanzan os parámetros de calidade adaptados ás demandas e adaptados sequera é a lexislación e ás esixencias da lexislación vixente. Polo tanto, rogámoslle que o goberno municipal poña na medida do posible e de ser así, a disposición dos concelleiros e das concelleiras a accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida, posto que agora mesmo, tal e como estamos aquí sentados e colocados pois estamos, de cara a xeneracións futuras, impedindo que un concelleiro ou concelleira con discapacidade poida acceder ós lugares deste pleno. Vostede é consciente como os compañeiros deste grupo temos que acceder por atrás, posto que polo lado non se pode, pois existe un desnivel importante e demais. Rogamos por que isto? Posto que evidentemente descoñecemos se existe informe sobre a situación de riscos asociados a este local, descoñecemos se existe informe que garante que se cumpran as esixencias básicas de seguridade, o que si vemos é que a mobilidade e a dificultade que teñen non solo o público para acceder a este local senón os propios concelleiros e a propia distribución, e rogamos que na medida do posible que, se é posible, se atenda á lexislación vixente en prevención de riscos, en acceso a discapacitados e en medida de seguridade e accesibilidade en emerxencias posto que este pleno non cumpre con esta situación. Boas noites.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas grazas, señora Louzao. A verdade é que coincido neste último que acaba vostede de aportar e ademais foi un tema que se falou. Hai unha solución. Evidentemente o proxecto, aínda que non está rematado, non é certo que o público teña problemas de accesibilidade, non é certo, non é certo. Nalgún caso, algún concelleiro ou algunha persoa con problemas de mobilidade si pode ter problemas para acceder a esta zona, pero está contemplada a solución pola parte do acceso das escaleiras, e de feito a porta que ten acceso a este salón de plenos xa está coas dimensións necesarias por se hai*

algunha persoa con problemas de mobilidade. De feito non se acometeu no proxecto porque sabe vostede que os recursos eran bastantes axustados para a actuación que se pretendía facer e o proxecto e a obra de reforma e remodelación da casa consistorial non está rematado. Este ano acometeremos outra parte con cargo a ese convenio firmado coa Xunta de Galicia e o ano que ven acometeremos a parte restante para facer actuacións no Concello do que como ben sabe vostede, este ano fai cen anos da finalización da súa obra. Polo tanto é un edificio emblemático que debemos manter e que debemos preservar e a nosa idea, por suposto está e está previsto cos informes técnicos pertinentes e de dirección de obra para acoller ou acometer esa implantación dos medios mecánicos necesarios para poder acceder a esta zona do salón de plenos calquera persoa que teña problemas de minusvalía. Con respecto ó desenvolvemento destas sesións plenarias, eu sei que ó mellor non lle gusta demasiado, eu prefiro este modelo de debate e non o modelo de contestareille por escrito que empregaron vostedes durante catro anos. Eu son mais partidario dun debate no que vostede non ten limitación de tempo para expoñer os seus argumentos nin número de preguntas nin número de rogos, por tanto vostede pode argumentar os seus temas como lle pareza oportuno; eu creo que así se respecta sempre ese dereito fundamental de todo concelleiro e vostede o que creo que non respecta é o dereito fundamental que teño eu como concelleiro e ademais como alcalde de dirixir as sesións plenarias, e é así ademais. Polo tanto eu, sinceramente llo digo, eu quero, a min gústame o debate, me gusta, non o podo evitar, me gusta falar e debater no órgano máximo de representación municipal que é este salón de plenos e ademais me gusta xerar debate e me gusta abrir novos temas e eu estou disposto a contestarlle a todas e cada unha das preguntas que vostede teña a ben facer e lle podo garantir que non utilizarei a fórmula, creo que pouco adecuada a estes tempos que utilizaban vostedes no goberno cando non contestaban nin unha sola das preguntas e dos rogos que lle facía a oposición, nin un. Con ese toque soberbio de "contestareille por escrito" ignorando o traballo e as preguntas que facía naquel momento a oposición e que vostedes..., lle pasarei, se quere, algún día, as respostas que facían por escrito para que vexa a forma que tiñan de traballar. Eu creo no debate, creo no diálogo, creo na planificación como di vostede, na planificación do plan xeral, na que vostedes tamén planificaban eses solos, como dicía antes e creo que é importante dicilo, como solo dotacional nos terreos da Baiuca. Polo tanto seguen vostedes nesa estratexia de intentar confundir pero é o que hai, sabe vostede que hai unha soa clasificación do solo dotacional que é servizos xerais e dotacionais. É a única clasificación que hai e dentro deses dotacionais pode ser deportivo, pode ser docente, pode ser educativo, pode ser moitos servizos dotacionais dentro dese ámbito de clasificación que xa está clasificado no plan xeral, xa o deixaron vostedes clasificado así, como solo dotacional e polo tanto este goberno non ten que facer absolutamente nada en ese tema. Polo tanto, me parece, non comparto a súa estratexia de "difama que algo queda" ou de crear dúbidas. Pero non se preocupe que terán vostedes cumprida resposta de todas e cada unha das dúbidas como sempre se fai desde este goberno e desde esta presidencia. Un último consello que lle fago, non se converta vostede na voz de tódolos veciños da Estrada, non o faga, xa cometeu ese erro fai un ano aproximadamente agora cando o portavoz socialista e tódolos grupos socialistas, moitos dos que están hoxe aquí non estaban, se auto-adxudicaron unha maioría absoluta e un arrase total nas eleccións municipais, onde incluso o portavoz socialista lle chegou a dicir ó portavoz do partido popular, que era eu, que ía ser o político máis efémero da historia da política municipal, que despois das eleccións vostedes ían a varrer, que ían acabar co partido popular, que tiñan a maioría na man. E despois os veciños falan e como falan? falan cunha maioría absoluta do partido popular e os mandaron a vostedes á oposición. Polo tanto non volva a cometer os mesmos erros, non se rexa ou non se converta na voz dos estradenses porque os estradenses saben perfectamente o que teñen que facer, cando o teñen que facer e como o teñen que facer e, en liberdade, como deben facerse estas cousas, deben tomar as súas decisións no momento. E fai once meses falan e falan alto e claro, e lle deron unha maioría absoluta ó partido popular que estamos intentando xestionar con humildade, con traballo e con moita dedicación, intentando facer, dende logo lle podo garantir, as cousas o mellor posible no peor momento pero estamos facendo esforzos importantes por cambiar a forma de facer política e a forma de xestionar unha administración como esta, unha administración local que é próxima ós problemas dos

veciños e que desde logo debe dar solucións. Ese é o noso obxectivo, non máis que ese. E dentro de tres anos, cando teñamos que pasar por outro proceso electoral, o faremos con toda a humildade e o faremos someténdonos á vontade de toda a cidadanía sen arrogarnos ningún tipo de presunción, de "somos mellores que nadie" como fixeron outros, nin ir con esa vanidade que ó final mata politicamente e socialmente a quen a presume. Polo tanto, o faremos con toda a humildade e con toda a capacidade que estamos dispostos e que poidamos facelo. E, desde logo, sempre, non o dubide nunca, non o dubide nunca, que sempre o faremos pensando que o que facemos é o mellor para A Estrada e para os estradenses, sempre. Podémosnos equivocar e cando o fagamos o rectificaremos, pero non dubide en ningún momento que o facemos con toda a dedicación e con toda a capacidade que temos e que somos capaces de poñerlle a un proxecto que nace nun momento difícil pero no que todos temos postas moitas expectativas e creo que ó final os froitos, poderemos ver os froitos despois deste traballo e desta dedicación. Así que moitas grazas e eu creo que o debate non debe preocuparlle a vostede nin molestarlle, senón que todo o contrario debe ser un foro adecuado para que vostede expoña no pleno (que é onde ten que facelo e é onde temos que facer ese debate) as súas opinións, os seus rogos e as súas preguntas, que lle garantizo que serán contestadas todas.

Sra. Louzao-Vieites, do PSdeG-PSOE: Pois mire usted que ben, mire usted que ben, deume consellos, preocúpese polas miñas preocupacións e máis sabe vostede máis das miñas preocupacións das que debo saber eu porque fala vostede, fala vostede de temas que nin sequera lle preguntamos, pero parécenos moi ben, fala vostede de que hai que abrir debate, moi ben, pero o debate, a esencia básica do debate é poder traer argumentos, non facer monólogos e falar e falar e falar. Pero bueno, se vostede considera que ese é o seu xeito, que democraticamente o leva a ordenar así os plenos do Concello da Estrada, pois continúe a falar vostede que nós respectámoslle todo o seu turno e estamos aquí o tempo que faga falta. Fale vostede o que queira que nós estamos aquí, pero agora, tamén agardamos que vostede ten capacidade para decidir e ordenar os turnos de palabra, agora para ver se pode ou non se pode falar pois tampouco. É dicir, nós tamén traemos temas a estes debates. Que vostede nos debe deixar debater? Outras veces non, outras veces a vostede lle molesta e non nos deixa debater. Pero que quere falar? Pois fale vostede. Que quere soltar monólogos e volvernos a falar de corenta cousas que xa nos falou e a cada pregunta nos responde cos mesmos corenta temas? Pois nos parece moi ben, pero nós simplemente lle dixemos: hai que facer, hai unhas deficiencias que hai que modificar; procedamos a modificalas porque para iso é vostede o goberno agora mesmo, para poñer iso en marcha; executar, tamén hai que executar de vez en cando. Pero bueno, vostede me daba un consello. Eu lle digo, pois me parece moi ben, se vostede o quere dar e lle fai ilusión dalo, pois me parece moi ben dalo, pero, desde logo, preocúpese vostede señor alcalde, lle rogamos que se preocupe vostede actuar como goberno porque actuar en nome do que nos din os veciños ós que dicía vostede "nos deron unha maioría", si, pero e que á oposición nos deron cinco votos menos do que presume vostede desa maioría. Polo tanto, a oposición tamén teremos algo de representación deses veciños. Entón, vostede preocúpese das respostas que vostede da, que do que nos trasladan os veciños a nós xa llo trasladamos nós a vostede. Entón, rogámoslle que, como dicía vostede, ás veces hai que ser humilde e se un se equivoca ten que rectificar; pois que se aplique o conto señor alcalde, aplíquese vostede o conto. O único que nós lle dicíamos era iso, vostede ten unhas opinións e é libre de dalas e nós respectamos que as dea. Agora ben, tamén debe vostede respectar o traballo da oposición. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Supoño que era un rogo; ou unha pregunta? non me quedou moi claro, porque estamos no apartado de rogos e preguntas. Pero bueno, sabe que vostede non ten ningún tipo de problema á hora de poder exercer o seu dereito de debater neste pleno. Sabe que ten o noso beneplácito e sabe vostede e segue custándolle interpretar este documento que é o ROF, que é basicamente onde aclara perfectamente como son os debates, como se ordenan os debates e que é o que ten e as obrigas de cada concelleiro. Sábeo vostede e eu xa lle dixen que lle poñía un á súa disposición, non pasou a recollelo, e un manual, na alcaldía....

Sra. Louzao-Vieites, do PSdeG-PSOE: Non é certo, estiven en secretaría e ninguén me deu nada, pero invirta vostede nas necesidades dos estradenses e non se preocupe porque iso está en internet.

Sr. Alcalde: Estou no uso da palabra, señora Louzao, non se poña nerviosa

Sra. Louzao-Vieites, do PSdeG-PSOE: Está en internet, hai medio dixitais e nadie nos facilitou iso, é dicir é moi fácil falar e pouco aplicar...

Sr. Alcalde: Estou eu no uso da palabra e creo que aquí, de momento, estamos respectando os turnos, non sexa vostede a que altere o orden do debate. Sabe que, como lle dixen antes non teño ningún problema en debater, o que si lle digo é que o propio regulamento aclara perfectamente como deben ser os debates, e estamos no apartado de rogos e preguntas. Eu dígoello con humildade. Non entendín se esta última intervención foi unha xustificación súa, foi un rogo ou foi unha pregunta. De todas formas dixo algo que tamén me gustou moito (hoxe estaba bastante acertada en canto ás súas aportacións), e é “executar”, falou vostede de “executar”; me parece unha palabra perfecta: “executar”. Cando fala de que este goberno en once meses executou quince millóns de euros en proxectos e inversións. Consequimos licitar a Axencia Galega de Emerxencias, que está en construción, seis millóns de euros. Consequimos licitar o colexio Pérez Viondi, que acabou, se non sabe vostede, a fase de licitación a pasada semana e se presentaron sesenta e catro empresas para executar esa obra, dous coma catro millóns de euros. Consequimos executar o campo de fútbol de Callobre, unha promesa histórica á que, por certo, vostedes non estaban invitados ou non lle acordou asistir, pero que foi unha actuación importantísima, que os pais e os rapaces están orgullosos desa inversión que vostedes cuestionaron; por certo, recorde que cuestionaron incluso dicindo que este goberno condicionaba o campo de Callobre a non facer a Baiuca, que era unha irresponsabilidade, que era unha vergonza, recorde vostede ese tema porque ese tema era interesante traelo a debate, non?. Cando no pleno dixeron que este goberno facía o campo de Callobre a costa de non facer a actuación que tiñan vostedes programada na Baiuca e, este goberno, sen gastar un só euro fixo Callobre e vai facer o novo estadio de fútbol. Iso é executar e iso é xestionar os recursos. Cando, por exemplo, licitamos ou aprobamos o convenio a semana pasada para a construción do novo campo de fútbol. Cando vamos firmar a semana que ven o protocolo para a cesión dos novos terreos da Academia Galega de Seguridade do Concello da Estrada, valorados en máis dun millón de euros a custe cero para o Concello. Cando liberamos os terreos do campo da Baiuca para desenvolver ese proxecto de servizos que temos para A Estrada. Cando desenvolvemos o proxecto da praza de abastos. A ponte de Cereixo, que sabe vostede que está en execución. Ou cando vamos a licitar proximamente a mellora do vial Portela-Souto de Veá, valorado en oitocentos sesenta mil euros. Iso é executar. Se non se da conta vostede, iso é obter recursos doutras administracións e sacar diñeiro de onde non o hai. Intentar que a administración municipal se convirta nese órgano de xestión e con capacidade para captar recursos doutras administracións e poñer en marcha proxectos e iniciativas que levaban parados moito tempo e que non vían a luz. E agora este goberno executa. Polo tanto, creo que fixo vostede e tocou a palabra e a tecla correcta para entoar esta canción. E é certo, executar proxectos por valor de quince millóns de euros en once meses, supoño que pola súa parte era criticable pero pola nosa parte estamos moi orgullosos e moi satisfeitos polo traballo que estamos facendo e sabemos que nos queda moito camiño por andar e teremos que seguir nesta dirección para poder conseguir sacar adiante, como dicía antes, proxectos que levaban parados moitos anos. Que tivo momentos extraordinarios a nivel económico esta administración e esta casa para poder facelos, que tivo recursos dabondo durante catro anos, creo recordar, catorce millóns de euros entre plan E e plan da Deputación, que caeron, e os remanentes que vostedes gastaron en tres millóns de euros de aforro que tiña o Concello da Estrada e que os deixaron en negativo; por certo, non sei se se acorda, que os tivemos que pagar nós, pois todo ese diñeiro que gastaron vostedes, aí está, non?, que lles caeu do ceo. Pero isto é xestionar, isto é xestionar recursos cando ó Concello da Estrada destes recursos non lle correspondía ningún e os xestionamos ante outras administracións e fixemos, creo que o traballo que debe facer calquera xestor público e calquera alcalde da

Estrada que queira sacar adiante ó Concello e os proxectos que realmente necesita. Por iso lle agradezo moito que siga vostede nese camiño e nos vaia tamén seguindo o paso en tódolos proxectos e en tódalas actuacións que estamos poñendo en marcha e que desde logo, queremos poñer en marcha nos próximos anos.

Sra. Louzao-Vieites, do PSdeG-PSOE: *Perdón, tiña un rogo, se se me permite.*

Sr. Alcalde: *Si, pensei que xa rematara vostede cando fixo a ultima intervención, pero non hai ningún problema.*

Sra. Louzao-Vieites, do PSdeG-PSOE: *Ben, me gustaría facer un rogo pois precisamente ó fio do que vostede está a dicir, hoxe que está tan encantado de falar. Dicirlle simplemente que cando lea a acta deste pleno verá que era un rogo, a vostede escapóuselle o rogo que facía pero era un rogo. Cando lea a acta o verá. E nos gustaría facer outro. Falaba vostede de todo o que conseguiu para A Estrada; e nos gustaría, nós rogamus a este goberno, que nos facilite un informe de datos da mellora de emprego que se conseguiu con todas esas xestións para A Estrada; das empresas que fixeron obras en todas esas xestións que di vostede que fixo, empresas estradenses, de canto serviu para dinamizar o emprego local. Cantos postos de traballo ó fio de todas xestións, postos de traballo local fortalecemos con todas esas xestións que fixeron ata o de agora?*

Sr. Alcalde: *Moi ben, como comprenderá sabe vostede que eses datos non están no noso poder. Si é certo, si é certo, esa era unha obriga, me parece recordar, non sei se vostede recorda, pero iso si que era unha obriga, documento obrigatorio das obras que vostedes adjudicaron do plan E. Recorda vostede non? E o resultado das súas obras do plan E todos sabemos como foi. Polo tanto, empresas locais da Estrada cambiando o obxecto social para facer obras e cousas destas que vostede sabe perfectamente que fixeron, empresas de carpintería de madeira que facían obras de obra civil; bueno, moitas cousas que, ó final, aí están; e non creo, desde logo, que é bo mirar demasiado ó retrovisor. E creo que é bo saber que a todos nos preocupa a situación de paro na Estrada, a todos. A min o primeiro e eu sei que a vostedes tamén moito. Creo que a situación non é a mellor. Foi un dos temas que precisamente falamos coa Conselleira na visita da semana pasada cando lle trasladabamos a situación do mercado laboral, lle pedimos expresamente algún tipo de proxecto e política activa en materia de emprego, lle explicamos que o Concello da Estrada contempla varias actuacións nesa materia, entre outras a consignación de cen mil euros para un obradoiro de emprego. Vamos a xestionar coa Consellería e así nos lo trasladou que están pendentes da transferencia de fondos por parte do Ministerio e en función diso A Estrada evidentemente é un concello prioritario, desgraciadamente prioritario porque as cifras de paro son moi preocupantes. E desde logo, neste ano seguiremos traballando e lle podo garantir que este goberno está facendo tódalas xestións posibles para que o maior número de obra que se está xestionando neste Concello poida recaer directamente ou indirectamente en empresas locais. É un momento complexo, lle podo garantir que agora mesmo as empresas están nunha situación difícil e hai evidentemente unha presión importante sobre a licitación e sobre as obras que se fan cando xa alcanzan unha contía considerable. Pero está claro que este goberno é sensible con esta situación, non estamos satisfeitos, en absoluto, coa situación do paro da Estrada, en absoluto. É un tema que nos preocupa tódolos días, no que por desgraza non temos competencias directas, non temos competencia directa, pero si está claro que poñeremos os recursos. Xa dixen en máis dunha ocasión, que no orzamento municipal, en fondos propios, temos un plan de dinamización e de apoio ós emprendedores con recursos propios de vinte e catro mil euros. Temos cen mil euros destinados ó obradoiro de emprego que se poden multiplicar ata os seiscientos mil no caso de que nos concedan para contratación de persoal, e polo tanto, podemos elevar, multiplicar esa inversión a seiscientos mil euros en materia de emprego, estamos intentando. E como sabe, esta semana fixemos, a Deputación contratou a nove persoas en situación de desemprego con paro prolongado e en situacións familiares difíciles, e están nove persoas contratadas a través da Deputación, a través do plan de cooperación. Presentamos o proxecto e os plans de cooperación para reactivar o mercado laboral por un importe de*

quinientos mil euros. Fixemos a solicitude fai quince días para optar a eses fondos para a contratación de persoal. En definitiva, estamos movéndonos e intentando actualizar. Fixemos unha paxina, como ben sabe vostede, cun axente de emprego que está facendo un traballo extraordinario nese mercado laboral local con contactos e entrevistas coa asociación de empresarios, cos empresarios locais, cos desempregados. Creamos unha paxina de apoio ó desempregado para que poida consultar tódalas ofertas de emprego e poida facer as súas rutas de empregabilidade. En definitiva, estamos destinando medios, nunca son suficientes, tendo en conta a situación actual, pero tódolos medios que temos na nosa man e os esforzos ós que somos capaces de chegar, os estamos destinando para intentar reactivar na medida do posible esta situación. Pero bueno, mentres que teñamos que seguir pagando a lacra deste goberno socialista despilfarrador de Madrid que gastou o que non tiña e que agora temos que pagar con intereses, a economía non crece e ó non crecer a economía, evidentemente o paro segue incrementándose, por desgraza. Esperemos que sexamos capaces de tomar as medidas correctas e de acertar no camiño adecuado para compensar esta situación, esta triste e envelenada herencia que nos deixan sempre os socialistas. Con esa política de “invito yo que pagas tú”, eles invitan e fan o gasto e despois xa virán outros a pagar, ese é a esencia do socialismo, polo menos en España, e sempre nos toca vir a nós a poñer algo de orde e de cordura e de sensatez en toda esta espiral de malgasto e despilfarro á que vostedes nos teñen acostumbrados, pero esa é a situación que nos toca vivir. A min non vai oír vostede queixarme sobre esa situación, eu asumo a responsabilidade que me toca. Este goberno asume a súa responsabilidade, con dignidade, con traballo e con esforzo e eu creo, sinceramente o creo (e eu lanzo un mensaxe de optimismo) que sairemos desta situación, e que A Estrada ten unha oportunidade, isto témolo que ver. As grandes crises son grandes oportunidades para recuperar o tempo perdido e en iso nos estamos dedicando. En materia de proxectos, en materia de infraestruturas, en materia de vías de comunicación, implicándonos de forma decidida para conseguir recuperar ese tempo perdido e conseguir situar A Estrada no lugar que lle corresponde. Ese é o noso obxectivo e desde logo lle podo garantir que nos estamos implicando ó límite das nosas posibilidades para conseguilo.

Sra. Louzao-Vieites, do PSdeG-PSOE: Para recordarmo a min mesma, que despois de todo isto igual me esquezo eu mesma de cal era o rogo, non?. Non era nin o ive de los chuches nin as herencias recibidas das que non ía facer referencia o partido popular, nin nada diso. O que se rogaba era que se nos facilitase un informe de todas esas obras xestionadas, cantas empresas estradenses procederon a ser contratadas para a súa execución e cantos postos de traballo supuxo iso. Ese era o noso rogo.

Sr. Alcalde: Moi ben, vai ser complicado ese rogo, difícil de atender porque entre outras cousas nin a AXEGA a licitou o Concello da Estrada, nin o Pérez Viondi o vai a licitar o Concello da Estrada, nin o campo de Calobre o licitou o Concello da Estrada, o cal quere dicir bastante. Nin o novo estadio o vai a licitar o Concello da Estrada, nin a Ponte de Cereixo a licitou o concello da Estrada, polo tanto iso quere dicir dúas cousas. Unha, que xestionamos moitos proxectos que fan outras administracións; e outra, que son esas administracións as que xestionan as licitacións deses proxectos; polo tanto, nós, como comprenderá, respectamos a legalidade ó máximo e, evidentemente, eses proxectos licitados por outras administracións os deben xestionar eles, como vostede entenderá e comprenderá. Non se preocupe que nós velaremos e intentaremos defender en todo momento os intereses das nosas empresas, de todas eh, non dunhas poucas, de todas. É distinto defender os intereses de catro empresas que fagan o volume do total das obras do concello a defender os intereses de todas e poder darlle posibilidade a todas de poder participar neses proxectos. Polo tanto, non se preocupe que nós intentaremos traballar nesa dirección, na liña correcta, non sen posibilidades de poder equivocarnos pero intentando facelo coa maior honestidade posible. Señor Espiño.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG-PSOE: Non está mal, pero vamos a darlle un toquiño mais, vamos a darlle un toquiño máis porque a verdade. Despois dun guiso descomunal con tanta condimentación que vostede lle botou, para unha vez que hai un pouco de público quitoulle

vostede as ganas de volver. Porque mire, a verdade é que eu xa non sei se era un guiso ou se era, pola imaxe da metáfora que se pode utilizar, dun mandril subido a unha árbore que xa non se sabe se está buscando froitos se nos está facendo acenos ós espectadores, se está subindo polas ramas unha danza ritualista ou se realmente está fuxindo dun depredador. Home, aquí saíu a palabra vanidade. Home, do substantivo vanidade ven o cualificativo vanidoso. Eu recoméndolle que vaia vostede ó dicionario da Real Academia e busque o significado da palabra para axustalo. Porque mire, vostede usa a terapia que utilizaba un veciño meu que, por certo vai cumprir agora cen anos, polo tanto ten moito saber da vida e que me perdoen os doutores que están aquí presentes, pero para el as fregas de ortiga valían para todo, para un dor de fibras, para un dor de espalda, para un catarro..., valían para un roto e para un descosido. E para vostede, calquera intervención que faga a oposición, veña o rollo pedáneo eterno de sempre. Mire unha cousa, o bo si breve é dúas veces bo. E vostede está por reiterativo, sumándose día tras día sobre as mesmas tonterías, as mesmas estupideces que ninguén cree e que ninguén entende. Mire unha cousa, eu se fora seu padriño, a sorte foi que vostede non me tivo a min de padriño nin eu a vostede de afillado, pero eu poñeríalle Narciso e iríalle bastante mellor que o nome de Don José. A min me viñeron unha serie de asociacións durante todo este pleno: Non sei se foi á mili; non sei se viviu o mundo militar.

Sr. Alcalde: É un rogo ou unha pregunta o que está facendo vostede?, xa me perdín.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG-PSOE: Digo que non sei se foi, pero si me acordo daqueles anos, aqueles militares que se auto loureaban e se botaban galóns, aqueles Pinochet, aqueles Videla, e algúns máis próximos a nós tamén se enchían os seus peitoriles (nós chamabámoslle chapas, eles chamábanlle medallas heroicas) e se inchaban, se inflaban... Non sei se vostede leu a novela de Risco onde tamén era alcalde Don Celidonio e a súa dona Nicasia que inflaba como fol de gaita. Pois eu tamén lle digo que iso é un prexuízo para calquera cidadán de a pé; colgarse esas medallas, non é ser vanidoso, non é ser vanidoso nin é ser narcisista, pero eu fágolle un rogo, pola imaxe pública do alcalde da Estrada, pola imaxe pública que poida afectarlle ó seu porte vestimental: pois mire, con tantas chapas que se quere colgar, rógolle que se compre un traxe de boa tela porque senón vaillas mover a gavela e todó o chaquetón onde as vai colgar, señor alcalde. Nada mais.

Sr. Alcalde: Moi ben, señor Espiño, así me gusta: que volva vostede ás andadas, creo que non se sente representado pola súa voceira. Paréceme perfecto que teña que sacar a súa artillería. Bueno, desde logo, eu creo que non lle interrompín e creo que aguantei bastante estoicamente a cantidade de insultos que vostede proferiu. Ante todo eu creo que son respectuoso, ante todo, e creo que vostede está perdendo as formas máis elementais de debate. Eu non lle chamei mandril, en ningún caso, e ó mellor podía facelo noutras ocasións, nin lle chamei outro tipo de cualificativos, nin entrei noutro tipo de cuestión persoal con vostede, nin cualifiquéi as súas intervencións de chorradas ou tonterías. Pero, en todo caso, como eu o respecto moito e eu sei que leva tantos anos como este edificio aquí, botou moitos deles na oposición, moitos, moitísimos, practicamente toda a súa vida, excepto catro anos. E foi vostede candidato moitas veces e perdeu vostede moitas veces contra o partido popular e tiña vostede este discurso socarrón, e ás veces ó límite para intentar provocar. De min non vai encontrar desde logo resposta a esa provocación, téñao vostede claro. Creo que xa me coñece desde fai moito tempo e sabe que eu non lle vou entrar nas súas provocacións persoais, creo que debemos de levar este tema das sesións plenarias, eu creo que con algo de cortesía. Eu intento, a veces cústame, a veces cústame, llo podo garantir, pero cando menos, con respecto; é o mínimo que debemos gardar. E eu lle pido que na medida das posibilidades (sei que lle vai custar), que na medida das posibilidades actúe vostede con respecto hacia ós demais, os que formamos parte desta corporación municipal; teña vostede un respecto pola situación que ocupa e pola situación que ocupo eu como presidente da corporación. E lle pido que se mida un pouco mais nalgúns comentarios ou nalgunhas aclaracións que fixo vostede, que eu desde logo non comparto en absoluto. Eu xa sei que a vostede lle gusta máis o outro método, o método que utilizaba antes, xa o sei, o método de amordazar á oposición, de non dar posibilidade ó debate, de non deixar

participar e exercer o seu lexítimo dereito, como sempre se fixo nesta casa, nas sesións plenarias. Recórdolle aquelas sesións maratónicas de contestareille por escrito, que nin sequera se dignaba a contestar unha soa vez á oposición. Eu teño outra forma de xestionar estes temas e eu non rehuio o debate. Vostede sabe que temos debatido moitas veces, a veces discusións acaloradas que nunca chegaron ó ámbito persoal, nunca. Non sei se a vostede lle doeu moito ese comentario que eu fixen sobre, recordará, a efémera. Parece que era o animal aquel que parafraseaba vostede (que tanto lle gusta a vostede ese tipo de comparacións), era a efémera, aquel animal dos ríos que era precioso pero que duraba vinte e catro horas, que facía comparación co candidato do partido popular. A efémera que unhas semanas despois lle gañou unhas eleccións por maioría absoluta. Non sei se iso foi o que lle molestou a vostede ou aquela socarronería que tiña vostede como voceiro e aquel porte que lle daba estar na mesa presidencial pensando que iso era para sempre. E nada é para sempre, señor Espiño, nada. E vostede o debería saber, ademais que leva moitos anos nesta casa, así llo digo. E eu creo que se levamos este tema con certo respecto e cun debate tranquilo e sosegado, seguramente serán frutíferas estas reunións e eu non fago aquí ningún alarde de nada, eu dou datos. Eu, como lle dixen, a min gústame falar no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia e aí e onde ve vostede que a Axencia Galega de Emerxencias se está adxudicando, onde ve vostede que o colexio Pérez Viondi está licitado e ten as ofertas de sesenta e cinco empresas e se vai adxudicar en dous meses; onde o campo de Calobre está feito aí, non é dicir..., home eu sei que o campo de Calobre non o veu porque o día da presentación ningún de vostedes tivo o detalle de acercarse alí, cousa que estrañou bastante, cousa que estrañou bastante, estaban vostedes invitados a ese acto, igual que todos, igual que os demais, pola directiva do club. Eu entendo que esas cousas a vostedes lle doan porque canto peor lle vaia á Estrada agora, mellor para vostedes. Vostedes están a esa táctica de intentar desgastar e debilitar a un goberno que ten un reto difícil por diante pero non se preocupe vostede que nós temos claro cal é o noso camiño, nós vamos a seguir traballando e vamos a seguir afanándonos e implicándonos por sacar adiante tódolos proxectos que boamente poidamos, cunha planificación clara e executando os compromisos e as obras que vostedes non foron capaces de facer e que nós estamos facendo. E como ó final “obras son amores” vostede pode seguir descualificando, pode seguir insinuando, pode seguir faltando ó respecto que non se preocupe que desde este goberno ás súas insinuacións e ás súas faltas de respecto encontrará traballo, traballo e traballo que é o que sabemos facer nós e é ó que nos dedicamos e ó que nos vamos a dedicar. Moitas grazas señor Espiño. Algunha intervención máis?

Sr. Otero Espiño, do PSdeG-PSOE: Unha aclaración.

Sr. Alcalde: Ou rogo ou pregunta?

Sr. Otero Espiño, do PSdeG-PSOE: Un rogo. Ou pregunta, non sei en que vai acabar. Unha cuestión, felicítoo pola súa memoria, pola súa memoria. Tamén lle quero recordar unha cousa. En termos didácticos, pedagóxicos actuais, din que a memoria é unha das capacidades dos torpes, non teñen outra para utilizar. Non lle estou chamando torpe, digo que é un dos termos...

Sr. Alcalde: Diga o que queira señor Espiño, vostede ten liberdade, licenza para matar, con trinta anos nesta casa ten licenza para matar, vai a ser recibido de quen ven, non ofende quen pode senón ...

Sr. Otero Espiño, do PSdeG-PSOE: Pero agora me está interrumpindo

Sr. Alcalde: Pero eu dirixo os debates e podo orientalo porque estase despistando, vaia vostede ó grano

Sr. Otero Espiño, do PSdeG-PSOE: Iso chámase termos de igualdade, en termos de igualdade, vostede: aquí mando eu, aquí mando eu, os demais somos ninguén. Mire unha cousa. Quérolle recordar que é certo que lle chamei efémera, chameille “mai fly”, “mosca

de maio”, é unha efêmera. Pero mire, porque gañaran as eleccións non deixa de ser efêmera porque esa tamén sae e tamén é moi volátil coma vostede, volatea, pasea os seus cores moi brillantes pola beira do río, pero termina caendo na boca da troita, termina caendo na boca da troita. Quérolle dicir unha cousa, vostede é un traena traena, é como cando ó muiño colle a paradoira e trangala trangala trangala; parece a tarabela do río, do muiño, non sabe vostede que é o tarabelo? Ese pasadoiro que tiña a pedra precisamente para mover a cangalleira para que caera o grao, así está vostede sempre: reiterativo, tódolos puñeteros días o mesmo discurso, cámbieo (ese é o rogo que lle fago) cambie o discurso, modéreo e fágao interesante para todos, non para nós. Pero non pense que nós somos o Santo Job, porque agora hasta se permite vostede, tan Narciso se pon, que se permite dar consellos. Mire, os consellos cando os pidan, non os dea cando non os pidan, péneo. Nada mais señor alcalde.

Neste intre abandona a sesión plenaria o Concelleiro do BNG, D. Xosé Magariños Maceiras


Sr. Alcalde: Pero señor Espiño, vostede sempre tivo a posibilidade, a facilidade de dicir exactamente o contrario do que pensa e do que fai. Iso é certo que sempre foi unha cuestión que vostede desenvolveu de marabilla e o está facendo agora mesmo. Estame dando un consello a min, e estame dicindo a min, estame dicindo a min, que non lle dea consello a vostede. Home, señor Espiño, vostede é un profesional disto, sabe vostede que é un profesional de dicir unha cousa e facer exactamente a contraria do que di, pero non teña tampouco a capacidade de facer todo no mesmo acto porque é imposible. Dicir que non faga eu unha cousa e á vez estar facéndoa vostede. Eu creo que vostede sabe perfectamente como deben ser ou como son os debates. Eu non rehuio do debate, xa llo digo, a min gústame o corpo a corpo, e encántame que vostede tome participación e me gusta que a súa voceira ó mellor non estea á altura deste debate e teña que tomar vostede a palabra para intentar salvar os mobles desta situación pero, eu tamén lle digo unha cousa, eu estou moderadamente, moderadamente satisfeito, moderadamente satisfeito de que empezen a falar as voces silenciadas de fai dez meses que mantiveron un estrito silencio, seguramente porque antes falaron de máis e tiveron que calar moitas cousas de un ano para aquí. Pero me alegro moito de que volva outra vez ese debate a este salón de plenos e que falemos de proxectos e de iniciativas e de que traíamos todas e cada unha das propostas que vostedes consideren que sexan interesantes. E eu lle podo asegurar que, en contra desa mordaza, da mordaza que aplicaron vostedes durante catro anos no pleno, aquí encontrarán un goberno receptivo ás súas propostas, na medida das nosas posibilidades; un goberno que cree que sabe cal é o camiño que debe seguir, e un goberno que ten claro que, desde logo, o debate sobre todo favorece e facilita a solución ós problemas que teñen os nosos veciños. De todas formas, señor Espiño, eu creo que cada un é libre de interpretar e de facer o que lle parece oportuno. Eu, en ningún caso me metín na súa forma de facer goberno cando vostede gobernaba e de levar os plenos e creo que era bastante mellorable. Volveu vostede a repetir descualificacións que eu creo que están fora de lugar. Eu, sabe que a vostede llo perdoo todo: como dicía antes, ten vostede licenza para matar, é vostede unha institución nesta casa, na oposición; polo tanto, como institución na oposición, eu o respecto, o valoro, sei que ten cousas interesantes desde esa posición, na oposición, para aportar a este goberno e, como sempre, aquí terá a receptividade que creo que sempre tivo pola miña parte, ás propostas e naquilo que poidamos colaborar sabe que aquí ten un colaborador fiel en todo aquilo que sexa bo para os nosos veciños e para A Estrada. Así que vostede sabe perfectamente que é así e polo tanto nesa liña non teña ningunha dúbida. Rematou vostede xa? Moi ben, algún outro rogo ou outra pregunta? Moi ben, pois antes de levantar o pleno, se algún membro de público ten algunha pregunta? Por favor acércate aquí, tes aquí un micrófono.

Por parte do público asistente prodúcese a seguinte intervención:

D. Juan José Fraga Duro: *O meu nome é Juan Fraga e fago este rogo en nome do colectivo de traballadores despedidos de Galisec, do que hoxe asistimos a este pleno una pequena representación elixida en asemblea. Queremos solicitar á corporación municipal da Estrada a súa solidariedade diante do conflito que afecta a decenas de veciños da Estrada vencellados á mercantil Galisec. Sufrimos unha situación de impagos grave que arrastramos desde o verán pasado e isto dificulta moito seguir adiante coas nosas vidas e a das nosas familias, debido ás estreiteces que produce non contar cos salarios que se nos adeudan por parte da empresa. A maior parte do conflito xa está en mans da Xustiza e sabemos que desde esta corporación pódese pensar que pouco ou nada pódese facer, salvo apoiar as nosas reivindicacións. Nós cremos que si poden facer cousas, desde as organizacións políticas e por iso expomos ante vós as seguintes propostas. Primeiro: no caso de que a empresa reciba algunha axuda económica, pretenda negociar un ERE ou se pretende, por exemplo, descolgarse do convenio, calquera destes supostos pasa polo visto bo da Consellería de Traballo, polo tanto gustaríanos que se isto pasara, antes de dar unha resposta afirmativa se tivese en conta a solución do noso conflito. Segundo: sabemos que se está traballando no noso concello nun novo plan xeral de ordenación, que determinará entre outras cousas o chan industrial dispoñible na Estrada. Se durante este proceso existira algunha posibilidade de que parte dos bens da empresa se revalorizaran mediante novas licenzas que modifiquen a situación legal dos terreos de Galisec ou do seu administrador, gustaríanos que se tivera en conta desde esta corporación, a posibilidade de animar á empresa a resolver o conflito. Pois sería difícil de entender que se premie ou axude a unha empresa que legalmente ten unha gran débeda social para con uns traballadores que ó fin e ó cabo somos veciños do Concello da Estrada. Moitas grazas.*

Sr. Alcalde: *Moitas grazas e, en nome da corporación municipal, desde logo, sumarnos ás demandas que estades a facer e desde logo compartimos perfectamente, eu creo que todos, non hai ningunha dúbida, as reivindicacións sociais que se están a facer neste tema. Eu creo que é convinte e é a formula que establecemos, que consten (e constarán) en acta, as palabras e o rogo efectuado polos representantes da empresa e, por suposto, desde logo, como administración eu me brindo a ter unha reunión con todos vós no momento en que vós vexades oportuno. Eu mañá pola mañá non estou pero se queredes o luns nos xuntamos e valoramos todo, e cada unha das decisións que tendes propostas aí; e pola nosa parte, como administración e como pleno da corporación municipal poñernos á vosa disposición e naquelas decisións que haxa que tomar, tendo en conta a nosa capacidade limitada en todo este proceso. Pero desde logo, todas aquelas decisións que haxa que tomar, e todas aquelas decisións e medidas de apoio á situación, desde logo contarán co respaldo, eu creo que de toda esta corporación municipal. E vos invito, se queredes, a ter esa reunión o próximo luns para tratar especialmente eses temas que propoñedes no voso escrito. E desde logo que daremos cumprido o trámite a nivel municipal. Moitas grazas pola súa intervención. Algunha outra intervención do público asistente? Pois se non hai ningunha intervencións, moi boa noite a todos e levantamos a sesión.*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas e cincuenta e sete minutos.



Estrada, 3 de maio de 2012

O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González

